

D I T A M E

Ditame
7/08

sobre o anteproxecto de
Lei de pesca
de Galicia



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 1 9 D E X U Ñ O



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 19 de maio de 2008 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o anteproxecto de lei de pesca de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 19 de maio, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o 27 de maio de 2008, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 6/08, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 16 de xuño, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 4/08, de 19 de xuño, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de pesca de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O anteproxecto de lei sometido a ditame ten por obxecto a regulación, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, da adopción de medidas de conservación, protección e rexeneración dos recursos mariños vivos, do exercicio da pesca, o marisqueo e a acuicultura mariña, da ordenación do sector pesqueiro galego, da ordenación, adecuación e mellora da flota pesqueira galega, da comercialización, manipulación, transformación e conservación dos produtos pesqueiros, da formación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materia marítimo-pesqueira, da inspección e control das materias contempladas neste artigo e do réxime sancionador das materias contempladas neste artigo.

O presente anteproxecto de lei estrutúrase en catorce títulos, sete Disposicións Transitorias, unha Disposición Derrogatoria e catro Disposicións Derradeiras.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- A tramitación dos ditames sobre este e outros tres anteproxectos de lei, que se recibiron simultaneamente, o día 19 de maio, polo procedemento de urxencia, motiva que o CES teña que limitar as súas apartacións ás que foi posible abordar no curto prazo de tempo dispoñible. Entende o CES que este xeito de tramitación debería estar reservado para aqueles anteproxectos nos que concorran obxectivas razóns de urxencia, circunstancia que non se produce evidentemente cando se trata dunha norma, como a que agora se ditamina, que á luz das informacións recollidas nos medios de comunicación social, lévase preparando desde hai moitos meses. Segundo se ten manifestado por este consello en precedentes ditames, a tramitación urxente limita seriamente e vai en menoscabo da función consultiva que corresponde ao organismo, agravándose neste caso pola antedita solicitude de catro ditames na mesma data.

2.- O CES considera oportuna a elaboración desta norma que ven a actualizar aos novos tempos, ao novo contexto internacional e ás normas aprobadas tanto no escenario europeo como no estatal, a normativa reguladora dun sector, como é o pesqueiro, que ten tanta relevancia na economía galega polo seu peso e as súas relacións co conxunto dos sectores económicos da nosa Comunidade Autónoma.

3.- A pesares de empregar ambos xéneros na maior parte da redacción do anteproxecto, persiste algún que outro erro relacionado coa linguaxe sexista, polo que o CES recomenda unha revisión do texto para que sexan corrixidos.

4.- En varios dos artigos utilízanse nas clasificacións as letras “j” e “k”, que son impropias do alfabeto galego, polo que o CES propón a súa substitución polas correlativas que correspondan.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O CES considera que no remate da **Exposición de Motivos** do anteproxecto, debería facer constar que o mesmo foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- O **artigo 4** do anteproxecto de lei de pesca de Galicia establece unha serie de definicións aos efectos da norma.

O **apartado 22** do artigo 4 define os títulos administrativos habilitantes.

O CES considera que se debería clarificar a citada definición, modificando a súa redacción no seguinte senso: *“Títulos administrativos habilitantes: son aqueles **documentos** que se outorgan ás persoas físicas ou xurídicas e que lles habilitan para a ocupación (...)”*

3.- O **artigo 7** do anteproxecto de lei sometido a ditame establece as medias de conservación e xestión dos recursos.

O CES considera que o **apartado 1** do artigo 7 debería completarse tal como se sinala na seguinte redacción alternativa: *“1. Co fin (...) , a proposta da Consellería competente en materia de pesca, **previo informe preceptivo do Consello Galego de Pesca**, poderá adoptar, entre outras (...)”*

O **apartado 2** do artigo 7 establece as medidas cuxa adopción é competencia da consellería competente en materia de pesca.

O CES entende que se deberían de engadir a este apartado dúas novas medidas:

i) Establecemento dos parámetros de avaliación dos proxectos presentados polas diferentes organizacións, que determinen a concesión das axudas, formalizadas a través de convenios ou ben contratos administrativos. Os parámetros deberán establecerse en función da mellora da rendibilida-

de e da importancia cuantitativa dos beneficiarios, independentemente da súa natureza xurídica.

l) Deseño e implementación de sistemas de compensacións obxectivas e baremables de rendas para os titulares de actividades económicas afectadas, entre outros, por sinistros ou accidentes, incluíndo o establecemento regulamentario, dun plan de actuación específico para a identificación de responsabilidades e a correlativa compensación de danos materiais e morais.

4.- O artigo 10 do anteproxecto de lei obxecto de ditame regula as áreas de acondicionamento mariño

O CES solicita que se especifique que a Consellería competente pode declarar unha zona determinada como área de acondicionamento, previa consulta coas organizacións locais do sector afectadas e co Consello Galego de Pesca.

5.- O artigo 11 do anteproxecto de lei de pesca de Galicia regula as áreas de repoboación mariña.

A efectos da declaración de áreas de repoboación mariña, o CES considera que se debe incluír a posibilidade de que a Consellería competente en materia de pesca, solicite os informes de organismos técnicos públicos especializados na materia que considere oportunos.

6.- O artigo 16 do anteproxecto de lei sometido a ditame establece que para o exercicio da pesca profesional e do marisqueo a flote só se poderán empregar embarcacións incluídas no Censo de Flota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia.

O CES considera que se debería indicar que as embarcacións terán que ser da 3ª lista para o exercicio da pesca profesional e do marisqueo.

7.- O artigo 17 do anteproxecto de lei regula a posibilidade de establecer censos por modalidades, pesquerías e caladoiros.

A efectos do establecemento de censos por modalidades, pesquerías e caladoiros por parte da consellería competente en materia de pesca, o CES entende que se debería de incluír a seguinte expresión no texto do artigo 17:

*“A consellería competente en materia de pesca poderá establecer, **previo informe preceptivo do Consello Galego de Pesca**, censos por modalidades, (...)”.*

8.- O Capítulo II do Título III do anteproxecto de lei regula a pesca marítima de recreo.

O CES considera que no ámbito da pesca marítima de recreo deben mellorarse as tarefas de vixilancia e control.

9.- O artigo 24 regula as licenzas e autorizacións de pesca de recreo.

O CES considera que no **apartado 2** do artigo 24 debe limitarse a posibilidade de expedición de licenzas á consellería competente en materia de pesca.

10.- O artigo 29 do anteproxecto de lei sometido a ditame regula a clasificación das zonas de explotación marisqueira.

O CES considera que a determinación das zonas de libre marisqueo non debe ser decisión unilateral da Consellería competente, polo que se considera que o **epígrafe a)** do artigo 29 debería ser redactado do seguinte xeito:

*“Bancos naturais cuxa explotación non está suxeita a unha autorización ou concesión administrativa. A consellería competente determinará periodicamente as zonas de libre marisqueo **previa consulta coas organizacións sectoriais**”.*

11.- O artigo 30 do anteproxecto de lei regula o outorgamento de autorizacións e concesións.

O CES entende que se debería incluír un novo parágrafo no artigo 30, coa seguinte redacción:

“A resolución que dispoña o outorgamento da autorización ou concesión da actividade expresará o titular, o tipo de establecemento, as especies autorizadas, a zona, a duración, as causas de extinción do título habilitante e as condicións técnicas e administrativas nas que se autoriza a actividade.”

12.- O artigo 34 do anteproxecto de lei sometido a ditame regula a extensión das autorizacións.

O CES entende que debería de incluír a seguinte expresión no artigo 34:

“En directa relación co estado dos recursos obxecto de explotación e o sostemento económico dos mesmos”.

13.- O artigo 35 do anteproxecto de lei de pesca de Galicia establece o sinalamento dos límites da autorización.

O CES entende que debería de incluír a seguinte expresión no artigo 35:

“A Consellería competente terá coñecemento de dita actuación e dará traslado da mesma aos colindantes, con carácter previo á decisión do titular.”

14.- O artigo 38 do anteproxecto de lei de pesca de Galicia regula a extinción das autorizacións de explotación de bancos naturais.

O CES entende que se debería de engadir ao **epígrafe f)** do **apartado 1** do citado artigo 38 a seguinte expresión:

*“f) Por infrautilización na explotación da totalidade ou dalgunha das zonas autorizadas, **por causa non xustificada.**”*

15.- O artigo 80 do anteproxecto de lei regula os membros das confrarías.

O CES considera que non se debería deixar o número mínimo de socios por confraría a expensas do establecido no desenvolvemento regulamentario, tal como se regula no último parágrafo do artigo 80.

O feito de que o anteproxecto sinala que se regule o número de socios por confraría, sen determinarse esa contía, é unha discriminación para as mesmas, pois tódalas entidades (cooperativas, sociedades, comunidades de bens, asociacións...), teñen fixado por norma con rango de lei o número mínimo de socios.

Por todo isto o CES considera que, de fixar un número mínimo de socios para as confrarías de pescadores, este número mínimo debería estar establecido na propia Lei.

16.- O artigo 81 do anteproxecto de lei obxecto de ditame establece as funcións das confrarías de pescadores.

O CES considera que se debería engadir como función das confrarías de pescadores a seguinte:

“d) Actuar como oficinas de rexistro público”.

17.- O artigo 92 do anteproxecto de lei regula as cooperativas do sector do mar.

O CES considera que se debería engadir un novo parágrafo ao citado artigo 92 coa seguinte redacción:

“A Consellería competente, en consenso con estas entidades, planificará o rendemento das explotacións ao seu cargo a través dunha explotación racional, que mellore a calidade do medio e permita uns rendementos máis altos”.

18.- O artigo 94 regula as organizacións sindicais.

O CES entende que se debería modificar a redacción do artigo 94 no seguinte senso:

“Terán a consideración de axentes do sector as organizacións sindicais máis representativas segundo a lexislación aplicable, no ámbito pesqueiro, promovéndose a súa participación (...)”

19.- O artigo 104 do anteproxecto de lei de pesca de Galicia regula o fomento da transformación.

O CES considera que se debería de modificar a redacción do citado artigo 104 no seguinte senso:

“As medidas de fomento das operacións de transformación dos produtos pesqueiros, postas en práctica pola consellería competente en materia de pesca, serán dirixidas preferentemente a: (...)”

20.- O artigo 105 do anteproxecto de lei de pesca de Galicia regula a promoción.

O CES considera que se debería de modificar a redacción do citado artigo 105 no seguinte senso:

“As accións de promoción dos produtos pesqueiros, desenvolvidas pola consellería competente en materia de pesca, serán dirixidas preferentemente a: (...)”

21.- O artigo 153 do anteproxecto de lei sometido a ditame regula o prazo de tramitación da resolución sancionadora.

O CES considera que se debería de modificar o **apartado 1** do citado artigo 153 no seguinte senso:

“1. O prazo para tramitar, resolver e notificar a resolución sancionadora

será de seis meses, que se computarán dende a adopción do acordo de iniciación do procedemento sancionador”.

22.- O artigo 154 do anteproxecto de lei de pesca de Galicia regula as actas de inspección

O CES entende que se debería engadir no **apartado 3** do artigo 154, a seguinte redacción:

“Se acompañarán a acta e a notificación da incoación do procedemento, de ser o caso, copia de fotografías ou calquera outro elemento obxectivo que acredite a comisión da infracción denunciada”.

23.- O artigo 155 do anteproxecto de lei de pesca de Galicia regula as medidas cautelares.

Este artigo contempla como unha posible medida cautelar, a constitución de fianzas, que pode ser adoptada polo Delegado Territorial da Consellería. Se este artigo mantén esta redacción, a Consellería ou a Secretaría Xeral desta Consellería podería ditar unha instrución para a súa aplicación, para que as embarcacións ás que se lles abra un expediente administrativo, se lles esixa a constitución dunha fianza antes de que remate o procedemento sancionador.

O CES entende que esta práctica de esixir unha fianza a un barco de pesca de baixura, a un mariscador ou acuicultor, lesiona o dereito fundamental a un procedemento sancionador con todas as garantías, porque na práctica supón a esixencia do pago antes de que termine o procedemento.

Por todo o sinalado, o CES considera que a Lei debería limitar os supostos nos que se pode utilizar este mecanismo cautelar, aos que realmente requiren a súa constitución.

24.- A Disposición Adicional Sexta do anteproxecto de lei de pesca de Galicia, do persoal funcionario da Escala Básica de Vixilancia Pesqueira, grupo D.

O CES considera que debería engadirse neste precepto a posibilidade alternativa de *“integrarse na escala de Axentes do Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira, grupo C2”*.

25.- Nova Disposición Adicional.

O CES considera necesario engadir unha nova Disposición adicional ao texto do anteproxecto, do seguinte teor literal:

“No momento en que se desenvolva a Disposición adicional sétima do Estatuto Básico do Empregado Público, pola Lei da Función Pública de Galicia, a Escala de Titulados Nautico-Pesqueiros de Vixilancia Pesqueira, así como os/as funcionarios/as que accederon a Escala de Subinspección Pesqueira coa titulación de formación profesional de segundo grao náutico-pesqueira, contemplado na disposición transitoria primeira, 1.c, da Lei 2/2004 de 21 de abril. quedarán integrados nunha agrupación profesional, coas especialidades de Patrón e Mecánico, equiparada ao grupo B do artigo 120 da presente Lei”.

26.- A Disposición Transitoria Primeira do anteproxecto de lei de pesca de Galicia establece os procedementos en tramitación e aplicación da lexislación máis favorable.

O CES entende que se debería de modificar a redacción da citada Disposición, propoñendo a seguinte redacción alternativa:

*“Os procedementos sancionadores iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei se seguirán tramitando ata a súa resolución final conforme á normativa aplicable no momento da súa iniciación, sen prexuízo da retroactividade desta lei, **tanto nos seus efectos procedimentais como substanciais**, en canto sexa máis favorable para o presunto infractor.”*

27.- A Disposición Transitoria Segunda do anteproxecto de lei de pesca de Galicia establece a prohibición da creación de novas confrarías de pescadores.

O CES considera que se debe cambiar a redacción desta Disposición, que prohibe a creación de novas confrarías, pero sen embargo permite a reactivación daquelas confrarías que, existentes á entrada en vigor da presente lei, foran disoltas por calquera dos motivos contemplados.

No caso de que se disolvan varias confrarías e nun futuro queiran reactivarse, ben fusionándose entre elas, ben creando confrarías con un ámbito territorial diferente, a Lei non o permite, pois este suposto non entraría dentro do concepto de “reactivación” propiamente dito, senón máis ben de creación de novas confrarías.

28.- Nova Disposición Transitoria.

O CES entende que se debería de establecer un réxime para a eliminación da posibilidade excepcional de utilización de embarcacións da 4ª lista na pesca profesional.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2008

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

VOTOS PARTICULARES

Voto particular que presenta a Unión Xeral de Traballadores de Galicia

Sen prexuízo do voto favorable que a Unión Xeral de Traballadores de Galicia realiza á proposta de Ditame elaborado pola Comisión sectorial nº1 do Consello Económico e social de Galicia sobre o Anteproxecto de Lei de Pesca de Galicia, UGT -Galicia considera que se deberían incluír as seguintes consideracións ao articulado:

No **artigo 6º** do presente anteproxecto, no que se establecen os obxectivos no ámbito da conservación e xestión dos recursos, se deberían engadir a partir do apartado 5 os seguintes:

6.- Fomento de estudos, análises e controis na implantación de novas especies, coas necesarias e imprescindibles garantías para a súa sustentabilidade e compatibilidade en relación coa biodiversidade e coa produción de especies autóctonas.

7.- Adopción de medidas destinadas á creación de gravames ou incentivos económicos para facilitar a diminución dos efectos da contaminación sobre o hábitat e sobre as poboacións mariñas posibilitando a creación de mecanismos de financiamento

Así mesmo, no **artigo 32** no que se establece o obxecto das concesións e autorizacións para a explotación de bancos naturais, deberíanse engadir a partir do 4º apartado, os catro seguintes:

5) Garantir o acceso pleno á explotación dos recursos mariños entre os profesionais e as distintas entidades ás que pertencen e que permitan o desenvolvemento de proxectos de común interese, partindo de opcións eficientes, dende o punto de vista non só financeiro senón económico e social.

6) Aplicar criterios de bio rentabilidade no exercicio desenvolto na actividade autorizada, cumprindo coas normas de extracción, regulación e comercialización.

7) Asunción de responsabilidade directa e ilimitada das entidades autorizadas ou concesionarias, incluso os seus órganos reitores, polos actos ou omisións que danen, prexudiquen ou menoscabén o dominio público marítimo ou marítimo-terrestre, o medio ambiente e, en especial, a actividade pesqueira, acuícola ou marisqueira.

8) Esixencia obrigatoria de acometimento polas beneficiarias de implantación de técnicas de crianza, de semente, acoutando parques de desove de especies comerciais nas zonas que se estimen bioloxicamente oportunas, baixo supervisión da consellería competente.

UGT Galicia considera que no **artigo 79** deste anteproxecto no que se definen as confrarías de pescadores debería revisarse, e engadirse os seguintes apartados:

2.- As Confrarías actúan como órganos de consulta e colaboración coa administración competente, participando da natureza de Administración Pública cando realicen tales funcións.

3.- As confrarías representan intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector e dos seus asociados, sen prexuízo da representación que posúen nas organizacións de empresarios e traballadores da pesca, podendo desenvolver actividades propias de organización, xestión empresarial e comercialización da produción no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura para a defensa dos seus intereses respectivos.

Por último, no **artigo 93** do anteproxecto no que se regulan as entidades asociativas, UGT Galicia considera que se debería engadir:

No primeiro parágrafo o seguinte: “(...) *así como as organizacións sindicais máis representativas, profesionais e as organizacións náuticas deportivas terán a consideración (...)*”

No mesmo artigo, debería engadirse un 2º parágrafo:

A Consellería competente poderá crear sociedades públicas ou semi-públicas, con participación e colaboración de entidades sociais relacionadas directamente co sector, que posibiliten afrontar inicialmente propostas ou proxectos arriscados ou de maior capacidade, de claro interese xeral e de difícil consecución a través das entidades tradicionais ou privadas, garantindo os riscos ou a incerteza de ingresos iniciais, custos económicos de comezo da actividade produtiva, indefinicións nos recursos obxecto de explotación ou a escasa participación de axentes interesados no proxecto.

Voto particular que presenta a Confederación Intersindical Galega

A disposición adicional primeira do anteproxecto de lei de Pesca de Galicia establece a extinción do Intecmar.

En relación co terceiro parágrafo desta disposición, a CIG propón eliminar a frase “*pasará a ser persoal da Xunta de Galicia*”, xa que non se pode compartir o criterio de que a través desta lei, o persoal propio de Intecmar pase directamente a ser persoal fixo da Xunta, existindo ademais serias dúbidas de que tal procedemento sexa conforme ao ordenamento legal en materia de función pública.

Voto particular que presenta a Federación Galega de Confrarías de Pescadores

A Federación Galega de Confrarías de Pescadores discrepa do contido do ditame aprobado polo Consello Económico e Social de Galicia sobre o Anteproxecto de Lei de Pesca de Galicia, ao non estar de acordo coa redacción proposta nel, polo que presenta o seguinte voto particular, de acordo coa regulación exposta no artigo 38 do Regulamento de Réxime Interno do Consello Económico e Social de Galicia:

1.- Artigo 5: Preferencia das organizacións produtores de base.

Consideramos que debe quedar redactado do seguinte xeito:

“As autorizacións e concesións outorgaranse con carácter preferente as organizacións sectoriais que viñan sendo titulares das mesmas e que acrediten a experiencia na xestión da explotación das zonas obxecto”.

2.- Título VII. Os axentes do sector pesqueiro galego.

Consideramos que as Confrarías de Pescadores non deben estar mesturadas coas demais organizacións do sector. A colaboración das Confrarías coa Administración é, con diferenza ás outras entidades, de obrigado cumprimento, ó seren Corporacións de Dereito Público que están baixo a tutela da Administración. Recolle este artigo a todas as Organizacións, cando as Confrarías polas súas especiais características deberían ser contempladas de forma específica nunha sección con artigos propios, tal como se recolle na Lei de Pesca Marítima do Estado (artigos 45 a 51) ou na Lei 9/1.993 de Confrarías de Pescadores de Galicia, no seu artigo 1º.

Tendo en conta que a Lei 9/1993 de Confrarías queda derogada coa aprobación desta Lei, e que o resto de organizacións do sector pesqueiro contan coa súa propia normativa, propoñemos que se estableza un **Capítulo I. As Confrarías de Pescadores** que abranza dende o artigo 79 ata o artigo 89 (ambos incluídos) e un **Capítulo II. Outros axentes do sector pesqueiro** que abranza dende o artigo 90 ao artigo 95 (ambos incluídos).

3.- Artigo 79. Confraías de pescadores.

Consideramos que esta definición debe adaptarse á disposta para as Confrarías de Pescadores no Artigo 45º da Lei 3/2001 de Pesca Marítima do Estado.

4.- Artigo 80. Membros das confrarías.

Consideramos que, ademais de establecerse na Lei o número mínimo de socios, este ha de ser un número mínimo de tres.

5.- Artigo 81: Funcións das confrarias de pescadores.

Actuar como órganos de consulta da consellería competente e exercer as funcións que lles están encomendadas na Lei 3/2001, de 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, na Lei 9/93, de 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia e nos seus Estatutos Sociais. Así como engadir no apartado c) *“así como as axudas públicas ou privadas que lles sexan concedidas”*.

Tamén botamos en falla a denominación das Federacións de Confrarías como fórmula asociativa legal e existente non só no territorio autonómico senón no estatal, polo tanto suxerimos a modificación do articulado pasando a figurar *“das funcións das confrarías de pescadores e as súas Federacións”*.

6.- Artigo 83. Estatutos.

Rexeitamos de forma clara o **apartado h)** no que se pon de manifesto que o ámbito territorial da Confraría se limita á determinación das persoas que poden asociarse á mesma e que residan nese ámbito territorial.

Esto quere dicir que en ningún caso confire dereito algún por parte das Confrarías sobre o terreo contemplado nese ámbito territorial, cuestión que pon en perigo a capacidade de xestión nas súas organizacións e concesións administrativas.

Esta previsión debe desaparecer, xa que a súa inclusión, e soamente para as Confrarías de Pescadores, é discriminatorio e produce confusión, pois podería parecer que se lles quere excluír da titularidade de concesións ou autorizacións.

En canto ás condicións para ser membro dunha Confraría de Pescadores, non se debe determinar que unha persoa teña que residir no ámbito territorial da Confraría, pois no caso dos armadores e tripulantes deberíanse ter en conta a súa vinculación económica, social, histórica...e no referente aos mariscadores a pé deberíaase vencellar á zona de desenvolvemento da actividade extractiva.

7.- Artigo 84: Órganos representativos.

No **apartado terceiro** establece que o mandato dos cargos electos para os órganos representativos das Confrarías terá unha duración de catro anos, podendo ser reelixidos por períodos de igual duración. Pensamos que cómpre engadir: *“(...) a través dun sistema electoral de listas abertas ou pechadas previo acordo da maioría dos membros da Xunta Xeral”*.

8.- Artigo 88. Fusión e disolución de confrarías.

A fusión dunha Confraría de Pescadores debe requirir o voto favorable da maioría absoluta da Asemblea Xeral de socios da entidade.

A disolución de confrarías debe ser acordada polo voto favorable das tres cuartas partes das persoas socias da confraría e só debe admitirse por acordo interno, tal e como establece o artigo 15.2 da Lei 9/93 (norma que debe seguir en vigor), salvo que se queira precisar que a disolución poderá vir fundamentada por sentenza xudicial.

9.- Artigo 89. Federación de confrarías.

Debe quedar redactado do seguinte xeito: *“Existe unha Federación Galega de Confrarías de Pescadores na que se poden integrar as confrarías de pescadores de Galicia, sempre que estean integradas nas súas respectivas Federacións Provinciais”*

10.- Axencia de Desenvolvemento Sostible.

Consideramos que as confrarías, como entes promotores da prosperidade social, e económica das zonas costeiras do litoral, son un instrumento básico para o desenvolvemento sostible das áreas costeiras de Galicia polo que deberían formar parte deste órgano.

Pensamos que non debe ser un órgano soamente administrativo, senón que debe ter unha base representativa ao igual que o teñen os recentemente creados “grupos de acción costeira” nos que participan de forma importante as Confrarías e as súas federacións. Outro exemplo desta dobre participación administración/Confrarías é a Área Mariña Protexida de Os Miñarzos.

11.- Artigo 125. Rexistros.

Deberíase manter o actual Rexistro de Confrarías de Pescadores e as súas Federacións, regulado no artigo 14 da Lei 9/1993 de Confrarías de Pescadores de Galicia.

12.- Artigo 128: Réxime sancionador. Responsabilidade.

“j)No caso de infraccións cometidas polas entidades asociativas do sector, os membros dos órganos de goberno”.

Rexeitase, debendo suprimirse este apartado.

13.- Artigo 135: Infraccións leves, **apartado A.3).**

Non se debe considerar infracción, nin sequera leve, a falta de colaboración das entidades representativas do sector coa Administración no cumprimento dos requirimentos de documentación, prazos e trámites a realizar. Que as Confrarías de Pescadores non se axusten a un requirimento non supón que necesariamente falten ao seu deber de colaboración, pois as causas poden ser alleas á mesma.

14.- Artigo 136: Infraccións graves, **apartado A.2).**

Non se debe considerar infracción, o incumprimento das normas electorais e dos requirimentos efectuados no proceso electoral pola Administración pesqueira ás confrarías de pescadores. No suposto de que a interpretación das normas electorais polas Confrarías de Pescadores, non coincida coas da Xunta de Galicia, sempre estará aberta a vía de recurso, incluída a vía xudicial, e isto non xustifica que se poida sancionar a unha Confraría de Pescadores por diferir da Administración tutelante, porque vai contra a autonomía propia da súa condición de Corporación pública, e non é propio dun Estado de Dereito.

15.- Artigo 138: Clases de sancións, **apartado 1. i) .**

Contemplase como sanción a intervención da Confraría para garantir o desenvolvemento do proceso electoral de conformidade coa lexislación vixente en materia electoral.

Non é admisible adoitar como sanción a intervención da Confraría de Pescadores. Este grao de intervención é inaceptable, porque vai contra a autonomía propia de toda corporación pública e non é propia dun Estado de Dereito.

16.- Disposición Adicional Novena: Seguro no exercicio das actividades de pesca, marisqueo e acuicultura.

Non se acepta a obriga de ter que constituír un seguro, pois esta cuestión invade competencias propias do Estado en tanto esta obrigación se estende aos titulares dunha simple licenza, pois a CC.AA non pode impoñer a obriga de asegurar riscos propios ou a terceiros. En tanto unha Lei estatal non establece a obrigatoriedade dun seguro, a competencia de desenvolvemento lexislativo para a ordenación do seguro que lle reconece a Galicia a Lei Orgánica 6/1999 non é suficiente para establecela.

Consideramos que o Seguro que garanta a cobertura de posibles danos a terceiros había de ser de carácter voluntario para o sector marisqueiro en xeral.

17.- Derogación expresa da Lei 9/1993, de Confrarías de Pescadores de Galicia.

Solicitamos que as Confrarías de Pescadores sexan reguladas por unha norma con rango de Lei, así as cousas, a Lei 9/1993 de Confrarías de Pescadores de Galicia foi pioneira no Estado español, serviu de base para a redacción do resto de leis autonómicas e todas as Confrarías de pescadores de Galicia e as súas Federacións están de acordo co disposto na mesma.

Agora as Confrarías van a ser reguladas por Decreto, o que significa un atraso para estas corporacións de dereito público as que dende sempre desenvolveron unha incuestionable labor social, representando e defendendo por igual os intereses dos armadores e traballadores do sector pesqueiro e marisqueiro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consideramos pois necesario que as Confrarías de pescadores continúen sendo reguladas mediante unha norma con rango de Lei, ben modificando e adaptando a existente Lei 9/1993 de Confrarías, ben elaborando unha nova Lei para a regulación das mesmas.

Santiago de Compostela, a 19 de xuño de 2008